



Qué se sabe de... María Magdalena

Carmen Bernabé Ubieta, Ed. Verbo Divino, 2020

Se hai unha muller coa que a Igrexa teña unha débeda histórica, esa é María de Magdala. As investigacións bíblicas vannos descubrindo a muller apóstola, amiga de Xesús, que soubo manterse fiel máis aló da morte, a discípula que esperou contra toda esperanza...

Pero o devir histórico, máis concretamente o patriarcado imperante nel, non lle permitiu ser muller. A apóstola que anunciou a todos a resurrección, a muller sen a que o cristianismo tería esmorecido antes de empezar, foi convertida en prostituta a finais do século VI polo papa Gregorio Magno.

Convertida en alegoría de todos os pecados «femininos» (os pecados relacionados co sexo, que ata hai ben pouco eran patrimonio exclusivo das mulleres), sobre ela caeron xurros de mentiras, dentro e

fóra da Igrexa, que aos poucos foron conseguindo rebaixala, anulala, borrar a súa memoria. A líder comunitaria do século I foi convertida en pecadora arrepenitada e penitente para mostrar ás mulleres cal era o camiño que non debían seguir e cal o modelo de arrepenitimento.

Fóra do contexto eclesial, na actualidade, tamén repararon en María Magdalena coñecidos *bestsellers* que obviaron toda a investigación histórica que ía avanzando e descubrindo para todos esta muller singular. Cando xa o feminismo alertara da utilización espuria e interesada das mulleres na literatura, moitas mentes masculinas seguen a fantasiar erotizando as mulleres só polo feito de selo. María Magdalena foi obxecto destas fantasías, con máis interese económico que literario ou histórico, da man de escritores

e directores de cine interesados en escandalosas mentiras que lle procuraren réditos substanciais.

No libro que nos ocupa, a doutora en Teoloxía da Universidade de Deusto e presidenta da Asociación Bíblica Española Carmen Bernabé Ubieta dedica a primeira parte a debullar a evolución histórica da imaxe de Magdalena nos vinte séculos de Historia da Igrexa.

Na segunda parte, máis ampla, expón todo o que ata agora sabemos certo desta muller no marco do discipulado das mulleres que acompañaban a Xesús. Sorprende descubrir polas beiras da tradición cristiá tantas mulleres que, igual que facían os homes, seguen e serven a Xesús percorrendo as aldeas de Galilea ata chegar con el a Xerusalén.

Convén deterse a facer memoria do discipulado feminino para poder ver a presenza silenciada das mulleres, a igualdade de tarefas e servizos naquel grupo de seguidores de Xesús e como foron transmitidas esas tarefas e servizos nos textos evanxélicos. Hoxe, que tanto se fala e debate sobre do

papel que as mulleres poden ou deben desenvolver na Igrexa, é importante volver a vista atrás e ver cal era ese papel na Palestina do século I, nunha sociedade moito máis rixida que a actual, sobre todo no tocante ao rol social das mulleres.

A terceira parte do libro dedícase a propoñer as cuestións abertas sobre o papel de María de Magdala na Pascua e no kerigma pascual cristián. A autora fai a necesaria relectura das tradicións pascuais, tal e como se nos transmitiron na segunda, terceira e cuarta xeración da Igrexa, fixándose tamén na importancia que Magdalena ten nos escritos extracanonicos e eclesiásticos. Neles pódese apreciar sen dúbidas o seu papel como líder comunitaria, a súa autoridade apostólica e tamén o rebaixamento e invisibilización do que vai sendo obxecto co paso do tempo. O caso de María de Magdala é un epítome do que lle sucede a todas as mulleres nos primeiros séculos cando o cristianismo busca entrar nos esquemas sociais e de poder do Imperio Romano.

A cuarta parte do libro afonda na memoria socio-ecclesial de

María Magdalena, que chega ata os nosos días. Destaca a restauración da súa figura por parte da Igrexa ao dedicarlle a festa e celebración litúrxica do 22 de xullo a esta muller fundamental no inicio da tradición cristiá.

Pecha o libro unha ampla bibliografía comentada de ensaios sobre a figura de María de Magdala, tamén dalgunha novela histórica e mesmo doutros libros de corte máis fantástico, nos que se poñen de relevo os erros históricos e medias verdades que conteñen.

Son necesarios libros coma este de Carmen Bernabé. Todos e todas precisamos recuperar a memoria deste muller, clave no inicio do cristianismo, así como da importancia das mulleres na primeira igrexa. É un san

exercicio de memoria histórica coñecer o desempeño das mulleres nos primeiros tempos da tradición cristiá, e como foron rebaixasadas e anuladas con decisións nada inocentes, inspiradas na sempre presente discriminación de xénero.

Anímovos a ler este texto que, cunha linguaxe sinxela e clara, percorre o primeiro tempo da historia da nosa Igrexa, con rigor e verdade. No imaxinario colectivo está gravada a ferro unha imaxe de María Magdalena distorsionada, nada acorde coa realidade. Cómpre ir derrubando os mitos de feminidade construídos arredor de María, e devolverlle a esta muller o lugar que lle corresponde na historia da Igrexa.

Marisa Vidal Collazo